

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE A CONVOCATORIA “RODEA O CONGRESO”**

PLENO 27 SETEMBRO 2012. ACTA 15/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polo Grupo Municipal de A.E.R., con data 27 de setembro de 2012, no Rexistro Xeral do Concello, que transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasado o 25-S e maila nosa posterior xornada de reflexión, dende AER queremos denunciar enerxicamente o acontecido en Madrid na convocatoria pacífica "RODEA EL CONGRESO".

Posto que alí estivemos, podemos relatar en primeira persoa que as cargas policiais foron totalmente desproporcionadas, algo intolerable tendo en conta que son os servizos aos que pagamos para que garantan a nosa seguridade.

Por un lado referímonos aos axentes policiais, xa que non vemos profesionalidade algunha en cargar con violencia contra xente totalmente pacífica.

Por outra banda, por suposto aos individuos que dan ditas ordes para que sexan executadas., a Delegación do Goberno en Madrid. De ningún xeito podemos permitir que a xente que ten poder sobre os NOSOS corpos de seguridade teñan semellante mentalidade.

Denunciamos tamén a actitude de todos aqueles manifestantes que puideran usar a violencia, aínda sendo ás veces xustificada; e aos que acudiron a esta concentración con actitude non pacífica, tanto foran policías infiltrados como non.

Tamén denunciar á maioría dos medios de comunicación que, unha vez máis, manipulan toda a información sendo totalmente parciais á hora de informar aos cidadáns. Tamén denunciar á Delegación do Goberno que cifrou en 6000 manifestantes, cando nós mesmos e as imaxes poden demostrar que había moita xente máis.

O ministro de Interior, Jorge Fernández Díaz, o 26 de setembro fixo as seguintes declaracións: “los agentes cumplieron con su deber y lo hicieron magníficamente y espléndidamente”. Algo intolerable.

Á súa vez, a Delegada do Goberno Cristina Cifuentes argumentou: “Intentaron ocupar el Congreso en todo momento y gracias a la intervención de la Policía, esto se pudo evitar”. Algo totalmente falso. Recordemos o lema da convocatoria “RODEA el congreso”.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes acordos:

- O Concello de Redondela condena a actuación policial do pasado 25 de Setembro de 2012, calificándoa de desproporcionada e intolerable.
- Instar ao Goberno Central ao inmediato cese do Ministro de Interior Jorge Fernández Díaz e da Delegada do Goberno en Madrid, Cristina Cifuentes.
- Esixir á autoridade competente a investigación sobre os infiltrados policiais causantes dos disturbios.
- Colocar no Concello de Redondela unha pancarta en contra actuación policial co seguinte lema: “O Concello de Redondela condena a barbarie policial do 25 S”
- Esixir á autoridade competente a inmediata liberación do compañeiro de Vigo Miguel Quinteiro e de todos e todas que non participaran en actos violentos.
- Dar conta deste acordo ao Goberno Central e ao Parlamento Español.”

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

A presente Moción foi sometida a dúas votacións:

**Votación da Moción incluído o apartado cuarto da mesma.-**

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as concelleiros/as, sendo dezaioito votos en contra (10 do PP e 8 do PsdeGPSOE) e tres votos a favor (2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.), rexeitou a Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-

**Votación da Moción excluído o apartado cuarto da mesma.-**

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as concelleiros/as, sendo once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.) e dez votos en contra (10 do PP), aprobou a Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita, coa exclusión do apartado cuarto da mesma.-